

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional
de Música de Viveiro



PROGRAMACIÓN

TROMBÓN

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	6
1. METODOLOXÍA.....	7
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9
2.1. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIFICAS A O APOIO EDUCATIVO.....	9
2.2. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO.....	9
2.3. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS	10
2.4. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.....	10
3. TEMAS TRANSVERSAIS	11
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES	11
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	12
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS	13
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	14
5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL.....	14
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	14
5.1.2. <i>Contidos</i>	14
5.1.3. <i>Avaliación</i>	15
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	16
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	16
5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL.....	17
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	17
5.2.2. <i>Contidos</i>	17
5.2.3. <i>Avaliación</i>	17
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	19
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	19
5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL.....	21

5.3.1.	<i>Obxectivos</i>	21
5.3.2.	<i>Contidos</i>	21
5.3.3.	<i>Avaliación</i>	21
5.3.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	23
5.3.5.	<i>Recursos didácticos</i>	24
5.4.	▶ CURSO: 4º DE GRAO ELEMENTAL.....	25
5.4.1.	<i>Obxectivos</i>	25
5.4.2.	<i>Contidos</i>	25
5.4.3.	<i>Avaliación</i>	25
5.4.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	27
5.4.5.	<i>Recursos didácticos</i>	28
5.5.	▶ CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL	29
5.5.1.	<i>Obxectivos</i>	29
5.5.2.	<i>Contidos</i>	29
5.5.3.	<i>Avaliación</i>	30
5.5.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	31
5.5.5.	<i>Recursos didácticos</i>	32
5.6.	▶ CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL	33
5.6.1.	<i>Obxectivos</i>	33
5.6.2.	<i>Contidos</i>	33
5.6.3.	<i>Avaliación</i>	34
5.6.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	35
5.6.5.	<i>Recursos didácticos</i>	36
5.7.	▶ CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL	37
5.7.1.	<i>Obxectivos</i>	37
5.7.2.	<i>Contidos</i>	37
5.7.3.	<i>Avaliación</i>	37

5.7.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	39
5.7.5.	<i>Recursos didácticos</i>	39
5.8.	▶ CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL	41
5.8.1.	<i>Obxectivos</i>	41
5.8.2.	<i>Contidos</i>	41
5.8.3.	<i>Avaliación</i>	42
5.8.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	43
5.8.5.	<i>Recursos didácticos</i>	44
5.9.	▶ CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL	45
5.9.1.	<i>Obxectivos</i>	45
5.9.2.	<i>Contidos</i>	45
5.9.3.	<i>Avaliación</i>	46
5.9.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	47
5.9.5.	<i>Recursos didácticos</i>	48
5.10.	▶ CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL	49
5.10.1.	<i>Obxectivos</i>	49
5.10.2.	<i>Contidos</i>	49
5.10.3.	<i>Avaliación</i>	50
5.10.4.	<i>Medidas de recuperación</i>	51
5.10.5.	<i>Recursos didácticos</i>	52
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	53
7.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	54
8.	ANEXOS	55
8.1.	CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO.....	55
8.2.	PROBAS DE ACCESO.....	56
	▶ Grao Elemental Proba de acceso ao Segundo Curso de Trombón	56
	▶ Grao Elemental Proba de acceso ao Terceiro Curso de Trombón.....	57

➤ Grao Elemental Proba de acceso ao Cuarto Curso de Trombón	58
➤ Grao Profesional Proba de acceso ao Primeiro Curso de Trombón	59
➤ Grao Profesional Proba de acceso ao Segundo Curso de Trombón	60
➤ Grao Profesional Proba de acceso ao Terceiro Curso de Trombón	61
➤ Grao Profesional Proba de acceso ao Cuarto Curso de Trombón	62
➤ Grao Profesional Proba de acceso ao Quinto Curso de Trombón	63
➤ Grao Profesional Proba de acceso ao Sexto Curso de Trombón	64

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

Nun currículo aberto e flexible, os métodos da ensinanza son nunha ampla medida responsabilidade do docente. Compre porén sinalar algúns principios pedagóxicos básicos que son esenciais á noción e contido do currículo establecido. A Interpretación musical, propósito das ensinanzas instrumentais, é por definición, un feito diverso, subxectivo, no que no resultado final se mesturan a mensaxe do creador contido na obra e a persoal maneira de transmitilo do intérprete, que fai súa esa mensaxe modulándoo a través da súa propia sensibilidade. É por iso, que o desenrolo da personalidade e a sensibilidade propias do alumno ou alumna constitúen o derradeiro fin que persegue o proceso educativo que nos ocupa.

Ao longo dun proceso de este tipo, o mestre será mais que nada un mentor, un conselleiro, que á súa vez da solucións concretas a problemas ou dificultades igualmente concretas; debe, en todo aquilo que teña un carácter mais xeral, dar opcións, sen impoñer criterios, estimulando e ensanchando a receptividade e a capacidade de resposta do alumnado perante o feito artístico.

O proceso de ensinanza pois, estará presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade das aprendizaxes. Con isto queremos dicir non só que o coñecemento adquirido teña unha posible aplicación práctica, senón tamén e sobre todo, que este sexa preciso e funcional para levar a cabo outras aprendizaxes que permitan “aprender a aprender”.

As Ensinanzas Elementais deben planificarse como un período de experiencia e descubrimento no que queden sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz, pero o que é mais importante, duns conceptos musicais que cristalicen, mediando o tempo preciso para a maduración de todo iso, é dicir, nas Ensinanzas Profesionais, nunha auténtica conciencia de intérprete.

Ao intérprete corresponde o traballo de mediación entre o compositor e o público, e este feito implica un correcto entendemento do texto, unha semiótica recoñecida na partitura que, a pesar do seu continuo enriquecemento ao longo dos séculos, padece de irremediabes limitacións para representar o fenómeno musical como algo esencialmente necesitado de interpretación. Así pois, a tarefa do futuro intérprete consistirá en:

- Aprender a ler correctamente unha partitura
- Penetrar logo, a través da lectura no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético.
- Desenvolver ao mesmo tempo a habilidade necesaria no manexo do instrumento, para que a execución dese texto musical adquira a súa total dimensión de mensaxe expresivamente significativa, para poder transmitir de forma convincente a emoción que no espírito do intérprete desperta a obra musical cifrada na partitura.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista debe chegar a desenrolar as capacidades específicas que lle permitan acadar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lle brinda o seu instrumento, as cales atópanse reflectidas na literatura do instrumento que nos achegaron os compositores ao longo da historia da música. Ao desenrolo de esa habilidade, á plena posesión de dita destreza no manexo do instrumento, é ao que denominamos “técnica”. Pero non se debe esquecer, que o traballo técnico debe estar sempre indisolublemente unido á realidade musical á que se trata de dar forma, evitando constantemente o perigo de que o estudo quede reducido a unha mera execución ximnástica. A técnica será sempre considerada como un medio, unha ferramenta da interpretación musical, e nunca como un fin en si mesmo. Todo este proceso debe ser pensado de forma que a suma de coñecementos e as inevitables horas de práctica ás que se verá sometido o alumnado lle sexan presentadas de maneira tan

atractiva e estimulante como sexa posible, logrando así que a súa posible vocación e o seu interese pola aprendizaxe se vexan reforzados.

Esta programación didáctica foi elaborada tendo presentes en todo momento o conxunto de consideracións ata aquí expostos, polo que se fai preciso que o docente non esqueza a relación e o vínculo existente entre os diferentes apartados da mesma. O conxunto de contidos foi articulado de tal forma que mediante o seu desenvolvemento e aplicación a través do repertorio pódase ir alcanzando gradualmente os obxectivos propostos. Paralelamente, o grado de consecución de tales obxectivos será constatado mediante a aplicación dos criterios de avaliación.

Por outra banda, a atención que supón a clase individual semanal de instrumento, permite ao docente adaptar a programación ás características e necesidades do alumnado, tratando de desenvolver as súas posibilidades e mellorar aquelas posibles carencias. É importante sinalar, que dentro do que supón o feito de “adaptar” a programación ás necesidades específicas do alumnado, o docente non debe esquecer a presentación dos diferentes tipos de escritura ou deseños técnicos posibles no instrumento, ben sexa a través dos estudos ou obras propostas ou en exercicios técnicos específicos.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular: conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

- Adaptación do material didáctico.
- Variacións na metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Actividades de traballo diferenciadas. O profesor faría unha análise dos contidos da materia e prepara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose individualmente ao alumno.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exixibles fixados na programación.

A falta de uniformidade nos alumnos/nas obriga ao profesorado a deseñar unha serie de estratexias con vistas a chegar a todos e cada un deles. Esta diversidade débese a factores de diversa índole:

- De coñecementos, xa que non todos teñen a mesma formación inicial ou ben algúns están habituados a unha emrega máis cotiá da lectura ao pertencer, por exemplo, a agrupacións musicais coas que ensaia periodicamente. Para eles o profesorado poderá deseñar actividades de ampliación que lles permita practicar ou aumentar os seus coñecementos.
- De aptitude, o que afecta á facilidade ante a lectura musical; terase en conta o grao de actitude do alumnado (detectado tras a avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostran, sen que por iso se penalice ás persoas que presentan maiores aptitudes.
- De actitude, isto é, de interese, que ten que ser observado pola docencia día a día, a partir das prácticas feitas en cada sesión. O único control que resulta posible ante formacións de tipo afectivo é unha medición a partir de afirmativos ao positivo ou negativo nas contestacións a unha serie de cuestións de tipo xeral e que tamén poden incluírse na ficha particular de cada un deles, ou ben como seguimento de todo o grupo.

2.1. alumnado con necesidades específicas a o apoio educativo

A programación contempla un tratamento xeral do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ben porque se trate de alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, o alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

2.2. Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado e certas actividades vén dado polos costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zoas extremadamente ligados á práctica instrumental case exclusivamente). O principio de integración pasa por coidar as

actividades presentadas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do país...). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedemental das novas ensinanzas, non supón un grande obstáculo. En tódolos casos coidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

2.3. Alumnado con altas capacidades intelectuais

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, por tato, é capaz dun rendemento superior á media. O Real decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelctualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos para o alumnado superdotado intelctualmente nas ensinanzas de réxime especial. Esta flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior a o que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica a este alumnado.

É preciso distinguir entre a superdotación intelctual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Por tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados cómpre engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido descrito de aceleración, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poida render segundo as súas propias capacidades.

2.4. Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención a diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar dunha adaptación aos recursos materiais (tales como a necesidade de acondicionar a aula para eles), ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, co que supón de adaptación dos contidos e os criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou interpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeito é igual que o individuo plenamente capacitado. Nada máis lonxe da verdade xa que, como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debido á sensibilidade. Pero, ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou autoestima) ou sobre o xeito de asumir o seu problema.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación mais completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Por iso é preciso ofrecer unha ensinanza de calidade apoiada nos recursos dixitais, complementándose así ao proceso de aprendizaxe do alumnado.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais:
 - Emprego de play alongs, pistas de acompañamento musicais ou similares para o fortalecemento dos aprendizaxes adquiridos durante a etapa de educación musical.
- Medios en internet:
 - Páxinas web de visionado de videos: Youtube, Vimeo,...
 - Programas e portais web de reprodución de música: Spotify, Youtube Music, Deezer,...
 - Plataformas dixitais adicadas á divulgación do trombón na rede, aportando recursos didácticos e fontes de información útil.
- Programas informáticos:
 - Editores de partituras: Musescore, Sibelius,...
 - Programas de creación de bases musicais que sirvan de acompañamento: Band in a Box, Logic Pro X, Audacity
- O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.
 - Aula Virtual de Trombón, na que se adxuntará material didáctico e recursos educativos no que o alumnado terá acceso en todo momento dende calquera dispositivo dixital
 - Na propia páxina web do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro poderase consultar calquera tipo de información relacionada coa materia de Trombón, así como acceso a material proporcionado polo docente para ampliar as ferramentas de ensino do alumnado.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Para a formación integral e completa dos alumnos/as é preciso, ademais de realizar actividades didácticas, realizar outras actividades académicas complementarias e extraescolares có fin de completar a súa formación e abrir os seus coñecementos a novos campos.

As actividades complementarias e extra escolares son un aspecto moi importante nos conservatorios. A dimensión práctica dos ensinos artísticos require que se organicen diversas actuacións que completen os ensinos no aula. Ademais, a consecución dalgúns obxectivos depende en certo xeito da posibilidade ou non de organizar estas actividades.

- Audicións públicas: estarán fixadas dende o principio de curso, cunha periodicidade trimestral. Os alumnos interpretarán o repertorio traballado en clase durante o trimestre. A exposición ao público será progresiva, non sometendo ao alumno a un compromiso brusco que poida inhibirle. Participarán todos os alumnos, sexa cal for o seu nivel. Os alumnos deben percibir o contacto co público de xeito agradable e pracenteira.
- Asistencia a Concertos ou Ensaíos.
- Intercambio de alumnos e profesores entre diferentes conservatorios.
- Cursos e Clases Maxistras impartidas por profesores recoñecidos.
- Xornadas para probar instrumentos e boquillas de diferentes modelos e marcas.
- Xornadas sobre mantemento, fabricación e conservación dos instrumentos de vento metal, a cargo dun técnico especializado.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL

5.1.1. Obxectivos

- Coñecer as distintas partes do instrumento, ademais do seu mantemento e correcto uso, concienciando ao alumno da necesidade de ter un especial cuidado co instrumento.
- Iniciarse na correcta respiración diafragmática adecuada ao nivel do curso, asentando así unha correcta base de respiración que será desenrolada a través do resto de cursos vindeiros.
- Adquirir unha posición correcta co instrumento, que lle permita afrontar o estudo do instrumento sen ningún tipo de molestia postural.
- Desenvolver unha correcta embocadura que lle permita emitir sons cunha correcta estabilidade.
- Coñecer as 7 posicións do instrumento (no caso do trombón de non alcanzar a 6ª e 7ª posición traballarase coa primeira e segunda con transpositor), ademais dos catro primeiros harmónicos de cada unha delas.
- Comezar coa lectura da clave de Fa en cuarta liña, sendo capaz de ler de maneira correcta a literatura do curso.
- Tocar pequenas melodías do curso, dun ou dous pentagramas, tanto propostas polo profesor como polo alumno.
- Realizar canda menos unha audición en público durante o curso.
- Iniciarse na improvisación como método de aprendizaxe, tomando como base os elementos que se extraen das cancións populares ou pequenas melodías que se traballen na aula.
- Desenvolver a creatividade no alumno a partir das cancións populares e o estudo de la improvisación.

5.1.2. Contidos

- Partes do instrumento e a súa nomenclatura.
- Desenvolvemento dunha correcta posición corporal e do instrumento. Práctica da relaxación á hora de tocar o instrumento.
- Realización de exercicios de inspiración-expiración para fortalecer a respiración diafragmática.
- Exercicios para desenvolver unha boa embocadura. Práctica de exercicios de emisión do son.
- Estudo das diferentes posicións e colocación da man, así como adquirir un correcto movemento da vara. Estudo da coordinación e psicomotricidade.
- Práctica das articulacións, picado, ligado, picado-ligado, acentos, etc.
- Traballo do rexistro do instrumento.
- Desenvolvemento da memoria musical, lectura a primeira vista e as dinámicas.
- Desenvolvemento do programa de leccións e exercicios establecidos.
- Interpretación ante público dunha audición como mínimo.

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Coñecer as distintas partes do instrumento e mantelas en correcto estado de limpeza e lubricación.
- Demostrar a comprensión dos procesos respiratorios.
- Suxeitar o instrumento de maneira correcta, con naturalidade e Sen tensións innecesarias, comprendendo e mantendo unha correcta embocadura, que lle permita manter sons estables.
- Coñecer as 7 posicións e as seus primeiros catro harmónicos.
- Ler comprensivamente a literatura do curso (entendendo o significado dos elementos da linguaxe musical precisos e evitando a aprendizaxe por repetición).
- Interpretar pequenas melodías, dun ou dous pentagramas, implicándose na elección das mesmas.
- Realizar canda menos unha audición de memoria en público.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o docente terá en conta as seguintes consideracións::

- Valoración das aptitudes do alumno/a e da súa actitude diante da materia.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. (dedicación, esforzo, interese...).
- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acorde coa dificultade do curso.
- Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo adecuados ao nivel.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Capacidade de adaptación a música colectiva.
- Interpretar en publico obras representativas do seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, ademais de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrontarse con naturalidade ante o público

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte do alumnado.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán as seguintes::

- Caderno diario do profesor
- Audicións públicas
- Avaliación inicial
- Sesións de avaliación trimestrais

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Observación do traballo diario da clase e cumprimento dos obxectivos do curso: 60%
- Audicións trimestrais: 10%
- Actitude e asistencia regular a clase: 30%

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter da formación instrumental, o alumno deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ámbolos cursos, sempre tendo en conta o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de maio, terá opción de realizar a proba extraordinaria na que terá que presentar toda a materia que se reflexa na programación ao correspondente curso no que está matriculado, e senón o programa do curso anterior o que se presenta, sendo o profesor da especialidade o que designe os contidos así como o programa a interpretar nesta proba. O tempo de interpretación non será inferior a 15 minutos nin superior a 30 minutos de música para o alumnado deste grao.

5.1.5. Recursos didácticos

▶ Métodos

- Escuchar, Leer y Tocar vol.1 - K. Jansma
- Aprende tocando el trombón y bombardino - P. Wastall
- Lip Slurs - B. Edwards
- Método completo - Arban

▶ Repertorio

- Easy Trombone Solos vol.1 - VV.AA.
- First Recital Series ASCAP - VV.AA.

O repertorio reflexa obras orientativas acorde ao nivel requirido no curso. Adaptarase ao alumnado o repertorio a mirar durante o mesmo, tendo en conta as motivacións, gustos e posibilidades técnicas do alumno ou alumna de maneira particular

5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL

5.2.1. Obxectivos

- Adquirir un dominio suficiente na lectura da clave de Fa en cuarta liña que lle permita abordar sen ningún problema a literatura do curso.
- Desenvolver un hábito de estudo correcto e estruturado, entendendo e diferenciando as partes do mesmo: quentamento, técnica e estudos musicais.
- Desenvolver progresivamente todos os aspectos técnicos e musicais da interpretación.
- Manter e ampliar as destrezas alcanzadas no curso anterior.
- Comprender o concepto de flexibilidade e comezar o seu estudo na rutina diaria do quentamento.
- Coñecer e saber interpretar algúns dos sinais de agóxica e dinámica mais comúns.
- Afianzar o rexistro do instrumento ata o 4º harmónico (sin ter en conta a pedal).
- Executar pequenas melodías propostas tanto polo profesor como polo alumno.
- Tocar pequenas melodías de memoria.
- Iniciarse no estudo do análise e a improvisación para desenrolar a creatividade do alumnado.

5.2.2. Contidos

- Perfeccionamento dunha correcta posición corporal e do instrumento. Continuidade da práctica da relaxación á hora de tocar o instrumento.
- Realización de exercicios de inspiración-expiración para fortalecer a respiración diafragmática.
- Exercicios de perfeccionamento para desenrolar unha boa embocadura. Práctica de exercicios de emisión do son.
- Estudo das diferentes posicións e colocación da man, así como adquirir un correcto movemento da vara. Estudo da coordinación e psicomotricidade.
- Práctica das articulacións, picado, ligado, picado-ligado, acentos, etc.
- Traballo do rexistro do instrumento.
- Desenvolvemento da memoria musical, lectura a primeira vista e as dinámicas.
- Perfeccionamento no concepto de tonalidade e modalidade.
- Desenvolvemento do programa de leccións e exercicios establecidos.
- Interpretación ante público dunha audición como mínimo.

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Demostrar un correcto hábito de estudo e comprensión das súas partes.
- Ampliar constantemente todas as destrezas técnicas e musicais adquiridas.
- Demostrar o estudo diario das tarefas fixadas para casa e interpretar, canda menos, un exercicio por clase.
- Executar exercicios de flexibilidade mantendo a columna de aire, sen que se aprecien rupturas ou cortes no son.
- Ler comprensivamente a literatura do curso.

- Alcanzar con control o rexistro do instrumento ata o 4º harmónico (sin ter en conta a pedal).
- Interpretar pequenas melodías, dun ou dous pentagramas, implicándose na elección das mesmas.
- Realizar canda menos unha audición de memoria en público.
- Coñecer e saber interpretar algúns símbolos de agónica e dinámicas mais comúns.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o docente terá en conta as seguintes consideracións::

- Valoración das aptitudes do alumno/a e da súa actitude diante da materia.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. (dedicación, esforzo, interese...).
- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acorde coa dificultade do curso.
- Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo adecuados ao nivel.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Capacidade de adaptación a música colectiva.
- Interpretar en publico obras representativas do seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, ademais de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrontarse con naturalidade ante o público

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte do alumnado.

Esta serie básica de ferramentas de avaliación serán as seguintes::

- Caderno diario do profesor
- Audicións públicas
- Avaliación inicial
- Sesións de avaliación trimestrais

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Observación do traballo diario da clase e cumprimento dos obxectivos do curso: 60%
- Audicións trimestrais: 10%
- Actitude e asistencia regular a clase: 30%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter da formación instrumental, o alumno deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ámbolos cursos, sempre tendo en conta o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

Probas extraordinarias de xuño

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os obxectivos e contidos mínimos esixibles non acadados durante o curso establecidos na presente programación.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de maio, terá opción de realizar a proba extraordinaria na que terá que presentar toda a materia que se reflexa na programación ao correspondente curso no que está matriculado, e senón o programa do curso anterior o que se presenta, sendo o profesor da especialidade o que designe os contidos así como o programa a interpretar nesta proba. O tempo de interpretación non será inferior a 15 minutos nin superior a 30 minutos de música para o alumnado deste grao.

5.2.5. Recursos didácticos

► Métodos

- Escuchar, Leer y Tocar vol.1 - K. Jansma
- Escuchar, Leer y Tocar vol.2 - K. Jansma
- Aprende tocando el trombón y bombardino - P. Wastall
- Lip Slurs - B. Edwards
- Método completo – Arban

► **Repertorio**

- Easy Trombone Solos vol.1 - VV.AA.
- First Recital Series ASCAP - VV.AA.

O repertorio reflexa obras orientativas acorde ao nivel requirido no curso. Adaptarase ao alumnado o repertorio a mirar durante o mesmo, tendo en conta as motivacións , gustos e posibilidades técnicas do alumno ou alumna de maneira particular

5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL

5.3.1. Obxectivos

- Mellorar a posición corporal e controlar a respiración ata alcanzar a naturalidade, consolidando a embocadura, o reparto equilibrado do peso do mesmo e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que se alcance unha correcta estabilidade, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que lle sirva como instrumento de mellora, no tocante ao control, afinación e calidade sonora.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento diferenciando entre as diferentes dinámicas (p, mp, mf, f)
- Empregar unha técnica instrumental básica, que lle permita abordar tonalidades de ata catro alteracións (estudos técnicos e musicais)
- Ler a literatura do curso e interpretalos co instrumento.
- Memorizar textos musicais.
- Interpretar un repertorio adecuado ao nivel de duración de 5 a 10 pentagramas demostrando certa sensibilidade musical.
- Tocar en público.
- Iniciarse no estudo do análise e a improvisación para desenrolar a creatividade do alumnado.

5.3.2. Contidos

- Perfeccionamento dunha correcta posición corporal e do instrumento. Continuidade da práctica da relaxación á hora de tocar o instrumento.
- Realización de exercicios de inspiración-expiración para fortalecer a respiración diafragmática.
- Exercicios de perfeccionamento para desenrolar unha boa embocadura. Práctica de exercicios de emisión do son.
- Estudo das diferentes posicións e colocación da man, así como adquirir un correcto movemento da vara. Estudo da coordinación e psicomotricidade.
- Práctica das articulacións, picado, ligado, picado-ligado, acentos, etc.
- Traballo do rexistro do instrumento.
- Desenvolvemento da memoria musical, lectura a primeira vista e as dinámicas.
- Perfeccionamento no concepto de tonalidade e modalidade.
- Desenvolvemento do programa de leccións e exercicios establecidos.
- Interpretación ante público dunha audición como mínimo.

5.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Ampliar o control sobre a posición corporal e a respiración ata conseguir a naturalidade que lle permita desfrutar da literatura do curso.
- Empregar o ar mediante a respiración diafragmática e a musculatura que forman a

embocadura de maneira que lle resulte dinámica a práctica do instrumento.

- Demostrar unha sensibilidade auditiva que lle permita ter unha autoavaliación realista sobre o resultado sonoro, en canto ao control, afinación e calidade do son.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras demostrando o control sobre as diferentes dinámicas (p, mp, mf, f).
- Demostrar unha técnica instrumental básica na práctica da literatura do curso.
- Ler a literatura do curso e realizala con instrumento de forma correcta.
- Memorizar e interpretar textos musicais.
- Interpretar un repertorio adecuado ao nivel de duración de 5 a 10 pentagramas, sendo moderada a preparación dos mesmos e demostrando certa sensibilidade musical.
- Tocar en público, canda menos un estudo de memoria

Mínimos esixibles

Para superar o curso o docente terá en conta as seguintes consideracións::

- Valoración das aptitudes do alumno/a e da súa actitude diante da materia.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. (dedicación, esforzo, interese...).
- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acorde coa dificultade do curso.
- Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo adecuados ao nivel.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
